

EMPRESA

Debuxos para concienciar sobre o pequeno comercio e a súa importancia P7

MELIDE

A Xunta move ficha e avaliará os danos das vivendas de protección P12

CULTURA

O III Festival de Maxia trae como novidade uns espectáculo de hipnose P19

ENTREVISTA

**MULTI
ÓPTICAS**
melide

**Nuria
Mejuto,
Multiópticas
Tabora** P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 119. Decembro 2015. Distribución gratuíta

Un Nadal de récord

Na campaña comercial de Asetem participarán este ano 83 negocios, unha cifra nunca antes acadada

Unha das principais novidades da 16ª edición de *Este Nadal toca en Melide* ten que ver coa dotación económica dos galardóns: se en edicións anteriores se repartía un total de 22 premios, vinte dos cales tiñan un valor de 100 ou 200 euros, este ano tan só se sortearán cinco. Iso si, serán de maior contía. En concreto, entregarase un premio de 2.000 euros, tres premios de 1.000 euros cada un e outro máis de 500 euros. A campaña remata o 7 de xaneiro. P3



Poñen en marcha no IES unha escola de nais e pais



Busca crear un espazo onde os proxenitores poidan poñer en común “dúbidas, medos, erros e acertos” á hora de educar aos seus fillos adolescentes. P11

Toques solicitará a cesión de terreos en Pontequeimadas



A corporación acorda por unanimidade contactar coa Xunta para facerse coa parcela situada entre as vivendas de protección oficial e o campo de fútbol. P13



Concello de Toques


Visitas guiadas gratuítas a
San Antón de Toques

- Antigo Mosteiro Beneditino con arte prerrománica do s. XI.
- Pinturas murais do s. XV.
- Imaxes do Calvario do s. XII.

—●—
Visitas semanais

Información e reserva:

666 49 38 60 - 650 14 65 45 - 610 00 21 85



Editorial

O planeta nas nosas mans

Celébrase estes días en Francia o cumio do clima, con representantes de 195 países que tratan de chegar a un acordo global para combater o cambio climático. Semella que desta vez se aborda con máis seriedade, con máis conciencia sobre o gran problema que supón para todos e todas, con máis intención de poñerse a traballar de verdade despois de tantos encontros sen resultado. De tanta perda de tempo. E non será porque non lle teñamos visto as orellas ao lobo en máis dunha ocasión.

Nos últimos douscentos anos rexistrouse un aumento de 30 centímetros nas augas costeiras e prevese que para finais de século alcance o metro e medio. Entre 1906 e 2005 a temperatura global da Terra aumentou 0,74 graos centígrados e se chega a superar o 2 graos os danos sobre a biosfera serían incalculables. O cambio climático xa non é unha ameaza, é unha realidade e os seus efectos tamén.

De feito, non deixamos de ver calamidades vinculadas á deterioración ecolóxica. En decembro de 2004, Indonesia sufriu o maior tsunami da historia produto dun terremoto de 8,9 graos na escala Richter que causou 226.000 mortes. A finais de 2005 o furacán Katrina pegou con forza nas costas de Luisiana, provocando



preto de 2.000 falecidos. Hai pequenas illas do Pacífico que están en perigo inminente de desaparición.

Os exemplos son contundentes pero quedannos moi lonxe. Demasiado como para pensar que o cambio climático tamén nos afecta. Pero témolo entre nós: pensemos nas patacas que medraban na vizosas na horta en pleno mes de novembro, na rolada de patos que se están a criar no río Cabe de Monforte (en pleno mes de decembro). Pensemos niso que sempre dicimos de que o tempo está tolo, de que xa non vai frío coma antes, que xa non neva coma ante, que non entendemos a moda esa de sete cicloxéneses explosivas seguidas nun mesmo inverno.

Xa que o cambio climático está aquí, xa que vemos como a noso medio de vida vai cambiar para peor, contribuíamos a reverter a situación co que estea ao noso alcance. Isto é, cos pequenos detalles, que non por seren pequenos deixan de ser importantes: empreguemos menos o coche, reciclemos, cambiemos as lámpadas, apaguemos o ordenador cando non está en uso, non usemos tantos envases plásticos....

As expectativas xeradas arredor do cumio do clima son moi elevadas, pero se non demostramos co noso exemplo que agardamos respostas á altura do problema, tales respostas nunca chegarán. É un tópico certo que o futuro do planeta está nas nosas mans.

Tribuna de opinión

Sexamos un exemplo

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Vai outra ración de concienciación, por iso de que o Nadal é un tempo máis propicio para reflexionar sobre un mesmo, sobre os nosos hábitos e a nosa relación co mundo.

Queremos invitar á reflexión a partir dunha das últimas iniciativas postas en marcha por Asetem: un concurso de debuxo organizado en colaboración coas ANPAs dos tres colexios da vila para achegar aos cativos ao pequeno comercio local e comezar a introducilos nas vantaxes que pode ter consumir na vila que viven. É unha iniciativa máis de dinamización comercial con perspectiva de futuro. Os debuxos e as charlas poden ser efectivos, pero estamos convencidos de que

nada causará máis efecto nos fillos e fillas ca o exemplo de seus pais e nais.

Por iso a aposta polo pequeno comercio debe de empezar por todos nós. Os melidenses debemos ser os primeiros en confiar no noso comercio, na súa variedade, na súa calidade e no seu trato. Que mellor época que facelo ca o Nadal, momento por excelencia para as compras. Animamos xa que logo dende aquí a converternos nun exemplo e a mercar nestas datas no comercio de Melide, ao que non podemos deixar de felicitar a través destas liñas pola súa masiva participación este ano na campaña de Nadal. Neste caso tamén eles son un exemplo.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: José Núñez, César Camoira, Iria Buxán, Rafael R. Gaioso

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Sandra Vázquez

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

“Este Nadal toca en Melide” bate récord de participación

Na campaña, que leva celebrándose dende 1999, inscribíronse 83 negocios, unha cifra nunca antes acadada



Os carteis da campaña son xa un clásico nos escaparates de Nadal dos comercios asociados

O comercio de Melide decidiu botar o resto este Nadal cunha participación masiva na campaña que dende 1999 organiza a asociación comarcal de empresarios (Asetem) para animar a mercar na vila durante estas datas especiais. Tanto é así que “Este Nadal toca en Melide” contará na edición 2015-2016 coa participación de 83 empresas e comercios, unha cifra récord nunca antes acadada nos dezaseis anos que se leva poñendo en marcha esta iniciativa.

A participación incrementouse este ano un 66% con respecto á edición anterior, na que se inscribiron 50 negocios, e un 38% en comparación coa campaña de 2013-2014, na que houbo 60 participantes.

“Cantos máis, mellor”

Detrás deste éxito de participación está o “grande esforzo” que realizou Asetem para conseguir que se implicase o maior número posible de establecementos. “Este ano fomos especialmente insistentes”, comenta o presidente da patronal, Manuel Vázquez, “quixemos aproveitar a acep-

tación que xa tiña a campaña entre os socios para darlle un empuxón e demostrar que canto máis sumemos, mellor van saír as cousas”. Confiado en que os resultados serán bos, Vázquez agarda que *Este Nadal toca en Melide* sirva “de exemplo” para vindeiras campañas “e para que os socios sexan conscientes de que se nos implicamos e participamos nas iniciativas, máis éxito terán e mellor parados sairán tamén os nosos negocios”.

En Melide hai de todo

Un dos sectores que rexistrou máis novas incorporacións á campaña de Nadal é o da hostalería. Con el complétase un abano de negocios moi variado que a xuízo de Asetem “axudará a reforzar entre os clientes que veñan atraídos pola campaña esa idea de que aquí hai de todo e de que compensa vir mercar a Melide”.

Entre os negocios participantes hai dende as tradicionais tendas de roupa, zapatos e agasallos ata bares, gasolineras, xestorías, despachos de avogados, academias de ensino e incluso un desguace.

38 DÍAS DE CAMPAÑA, 5.500 EUROS E UNHA GALA-SORTEO ABERTA AO PÚBLICO

De moitos premios pequenos a poucos premios grandes

Dende o pasado 1 de decembro e ata o vindeiro 7 de xaneiro 83 establecementos comerciais e empresas da vila están a repartir entre os seus clientes rifas para entrar no sorteo de 5.500 euros.

Quere isto dicir que mercar en Melide estes días pode ter premio. E gordo. De feito unha das principais novidades da 16ª edición de *Este Nadal toca en Melide* ten que ver coa dotación económica dos galar-dóns: se en edicións anteriores se repartía un total de 22 premios, vinte dos cales tiñan un valor de 100 ou 200 euros, este ano tan só se sortearán cinco. Iso si, serán de maior contía. En concreto, entregarase un premio de 2.000 euros, tres premios de 1.000 euros cada un e outro máis de 500 euros.

En relación con este último

tamén se introduciu unha novidade, pois será sorteado entre os asistentes á gala coa que o día 7 de xaneiro se lle poñerá



punto e final á campaña.

Das papeletas ás bólas

Outro dos cambios que apreciarán este ano comerciantes e clientes ten que ver co mecanismo de sorteo de premios. A tradicional caixa de madeira que se viña empregando para depositar as matrices das dúas de miles de rifas repar-

tidas desaparecerá para dar paso ao sistema de extracción de bólas numeradas. Depositáranse en cinco bombos diferentes e serán extraídas por voluntarios e ante notario dende as decenas de millar ás unidades.

Unha vez que se coñezan os números premiados, Asetem daralles difusión a través da súa páxina web, dos medios de comunicación ao alcance e de folletos que se repartirán nos comercios que participaron na campaña. Os clientes afortunados terán ata o venres 29 de xaneiro ás 13:00 horas para presentar os boletos premiados nas oficinas de Asetem.

Segundo estimacións baseadas en campañas anteriores, a patronal comarcal calcula que este ano se repartirán entre a clientela preto de 90.000 rifas.



Xacobe Pérez e os acordeonistas de Herba Grileira na gala de 2014

Gala na Casa da Cultura o 7 de xaneiro

Grazas á colaboración do Concello de Melide, a campaña de Nadal terá tamén este ano “un broche final acorde á súa dimensión e repercusión no tecido comercial”, aseguran dende Asetem. Será en forma dunha gala que se celebrará o 7 de xaneiro a partir das 21:00 horas na Casa da Cultura.

Ademais de realizar o sorteo de números premiados, tamén actuará De Perdidos al Trío, un cuarteto dezano que presentou este mesmo ano o seu primeiro disco. Non serán os únicos, pois sobre o escenario tamén estará o showman David Noya, coñecido pola súa participación en diferentes programas da TVG e que, ademais de poñer o toque de humor, tamén exercerá de mestre de cerimonia.

ESTE Nadal TOCA en Melide

Establecementos participantes

Xoiería Silvela
Xoiería Roval
Xoiería Oro Ley
Xebre
Xamonería Os Garceiras
Viñoteca Ribeirao
Ultramarinos Aceiteiro
Tu Boutik
Suministros Industriales Cire
Stardemoda
Sport Moda
Soc. Coop. Melisanto
Sisuka
Santín Amo Perruqueiros
Romero Zapaterías
Recambios Vulcano
"R" Melide (Hardgalicia)
Pulpería Taboada
Pizzería Xoldra
Pescados e Mariscos Manolo
Perfumería Lyss
Parrillada Pilmar
Parrillada O Carbuo
Parafarmacia O Cantón
Panadería- Pastelería Toques
Ortopedia Ortosaúde
Óptica Melide
Oficina Técnica Javier López

Muxica
Multiópticas
Muebles Paula
Modas Dándolo
Mobles Ares
Mis Mejores Labores
Melimática
Marvi
M&M Moda
Librería Victorio
Librería Cousas
Leiva Motosport
Laia Zapateiros
Lácteos Terra de Melide
La Cortina
Iris Melide
Intres Fotografía
Intermax Technology
Imprenta Meligraf
Imaxina Fotografía
Hotel Carlos 96
Gasolineira Bocelo
Galaica Bisutería
Froitas Olga
Floristería Tarrío
Floristería Maru
Eva Novás Mato - Avogada
Eurocadena

Estación de Serv. Corredoiras
Electrosan
Electricidade Vilela
El mundo del pintor
Ekaté
Desguaces Lual
Deportes López
Colorín Colorado
Cociñas M. Buján
Centro Comercial Ares
CC Xestión
Casa Santos
Casa Juanito
Casa Alongos
Carola Moda 2012
Calzados Broz
Calitex
California 66
Cafetería-Pastelería Estilo
Cafetería Stop
Cafetería Marian
Cafetería Lodeiro
Cafetería Arraigos
Bodegas Mejuto
Angarela
Alain Afflelou Melide
Academia O Pequeno Besbello

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE**

26 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca


Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)



A dinamización comercial é a actividade máis valorada polos negocios asociados a Asetem

A mediación ante organismos oficiais tamén é altamente valorada

CLASIFICACIÓN POR ORDE DE IMPORTANCIA DOS DIFERENTES SERVIZOS PRESTADOS POR ASETEM



As empresas e negocios asociados a Asetem consideran que a actividade máis importante de todas as que realiza a patronal é a dinamización comercial. Así se desprende da enquisa que se realizou recentemente entre todos os membros da entidade e na que, entre outras cuestións, se lles pedía que valorasen do 1 ao 10 a importancia que para eles teñen os diferentes servizos prestados pola asociación.

Tendo en conta que a organización de campañas é a terceira actividade máis valorada (cun 6,9 sobre 10), pódese deducir que as iniciativas relacionadas coa promoción do comercio local son as que teñen máis crédito entre os asociados. Non obstante, tamén é altamente valorado o papel de Asetem como mediador e representante ante as institucións para solucionar os problemas ou trasladar as queixas do colectivo. Esta faceta recibe a segunda nota máis alta, cun 7,2.

Rozando o aprobado atopamos a publicación do xornal Cerne, cunha importancia do 5,3 sobre 10. Porén, cómpre resaltar que á pregunta “*Considera que a publicación do xornal debe seguir sendo unha actividade primordial a pesar do custo extraordinario que supón para a asociación?*”, o 72% dos socios consultados responderon “Si”.

II Torneo de Xadrez “Enrócate en Casa Alongos”

Casa Alongos, establecemento asociado a Asetem, acollerá o próximo 8 de decembro a segunda edición do torneo de xadrez “Enrócate en Casa Alongos”, no que poderán participar un máximo de 28 xogadores.

Será un torneo rápido 10’ + 5” que se disputará en seis ou sete roldas polo sistema suízo. Haberá partidas en xornada de mañá, entre as 12:00 e as 14:00, e pola tarde de 16:00 a 19:00 horas.

As persoas interesadas en participar poden inscribirse ata o día 7 de decembro (ou ata completar

aforo), chamando ao número de teléfono 617 23 43 93 ou a través da dirección de correo electrónico pokeryajedrez@gmail.com. O custo da inscrición é de 5 euros, comida aparte. Os xogadores poderán xantar no propio local, onde haberá dispoñibles diferentes menús.

Haberá premios en metálico para os gañadores: 70 euros para quen quede no primeiro posto, 50 euros para o segundo, 40 para o terceiro, 30 para o cuarto e 20 euros para o quinto. Tamén se sorteará un libro e diferentes produtos.

PREMIO “SINTONIZA” PARA PILAR LEIVA

Tan doado como escoitar a radio municipal, mostrar interese polas actividades de Asetem e responder a preguntas do máis sinxelo. Ese foi o xeito no que, dende o mes de maio ata decembro, os clientes das tendas de Melide participaron en *Sintoniza co teu comercio*, unha campaña de dinamización comercial posta en marcha por Asetem que agora, co remate do ano, bota o peche. Durante estes meses repartíronse 800 euros entre os clientes. A última das afortunadas foi Pilar Leiva, veciña de Melide, que poderá gastar o seu vale de 100 euros en calquera dos negocios asociados a Asetem.

A campaña tamén tiña por obxectivo dar a coñecer ao público en xeral o traballo que



Sandra Vázquez (cooperante de Asetem) e Pilar

se realiza dende a patronal no día a día. Así, a través de Radio Melide e dun espazo diario de 15 minutos de duración, abordáronse ata 32

temas diferentes, un cada semana: historia, servizos dispoñibles, campañas, cursos ofrecidos, convenios asinados, eventos, etc...



...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314

info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

Apuntes sobre a interpretación da normativa de sociedades civís

Segundo o artigo 7 da Lei 27/2014 do 27 de Novembro que aproba o Imposto sobre Sociedades serán contribuíntes do citado imposto entre outras “Las personas jurídicas, excluídas las sociedades civiles que no tengan objeto mercantil.” A raíz deste artigo dedúcese que as sociedades civís con obxecto mercantil van ter que tributar por imposto de sociedades a partir do 1 de xaneiro de 2016.

Diversas consultas vinculantes publicadas pola Dirección Xeral de Tributos ao longo do exercicio 2015 analizan en profundidade o termo “persoas xurídicas” e “obxecto mercantil”. En canto a ser “persoas xurídicas”, e citando o código civil, establece que a sociedade civil ten personalidade xurídica sempre que os pactos entre os socios non sexan secretos. Neste ámbito, indican as consultas vinculantes que, as sociedades obterán personalidade xurídica cando sexa necesario constituírse en documento público, ou en documento privado, sempre que neste último caso dito documento se aportase ante a Administración tributaria co fin de obter o número de identificación fiscal das persoas xurídicas e entidades sen personalidade (NIF).

En canto ao “obxecto mercantil”, indícase nas consultas vinculantes que se entenderá por obxecto mercantil a realización dunha actividade económica de produción, intercambio ou prestación de servizos para o mercado nun sector non excluído do ámbito mercantil, quedando así excluídas de ser contribuíntes do Imposto sobre Sociedades as entidades que se dediquen a actividades agrícolas, gandeiras, forestais, mineiras e de carácter profesional, por ser ditas actividades alleas ao ámbito mercantil.

En resumo, serán sociedades civís que tributen polo Imposto de Sociedades as que teñan un contrato non secreto (solicitasen CIF) e contén con obxecto mercantil (todas excepto a agricul-

tura, gandería, forestal, mineira e actividades profesionais).

Este cambio de normativa fai que as sociedades civís que cumpran os requisitos anteriormente citados teñan que tributar, a partir do 1 de Xaneiro de 2016, polo imposto de sociedades (con carácter xeral 25% sobre beneficios); e en canto a IVA deixen de poder tributar por módulos ou estar no sistema especial de recargo de equivalencia.

Como a partir do ano 2016 se equipara o tratamento fiscal das sociedades civís ás sociedades mercantís (S.L. e S.A.), tamén se entende equiparado o tratamento fiscal das retribucións dos socios traballadores, é dicir, a partir do 2016, os socios das sociedades civís poderán ter nómina deducible fiscalmente pola sociedade, e os socios tributarán polos rendementos do traballo.

No único que as sociedades civís con obxecto mercantil se diferenciarán das sociedades mercantís tradicionais, será na responsabilidade dos socios fronte a terceiros, que será persoal e ilimitada, é dicir, unha vez liquidado o patrimonio da sociedade, se non chega para cubrir as débedas, os socios responden con todos os seus bens presentes e futuros.

Habílitase un réxime especial de disolución e liquidación, con beneficios fiscais, para aquelas sociedades civís que a consecuencia da reforma pasen a tributar polo Imposto de Sociedades e non desexen facelo. O prazo para dita liquidación establécese nos 6 primeiros meses do 2016 e ata a total disolución e liquidación a sociedade tributará segundo o viño facendo. Se non se liquida nos 6 primeiros meses de 2016, a sociedade tributará dende o 1 de Xaneiro polo Imposto de Sociedades.

As Comunidades de Bens, conforme a doutrina

que a Dirección Xeral de Tributos emite en diversas consultas vinculantes ao respecto, non serán suxeitos pasivos do Imposto de Sociedades por non ser sociedades civís. Así, estas entidades seguirán tributando en réxime de atribución de rendas no IRPF e poderán seguir tributando en módulos ou en recargo de equivalencia.

A data de hoxe non se sabe aínda como vai a actuar a Administración coas comunidades de bens xa constituídas e que teñen como obxecto social unha actividade mercantil, a mesma que podería ter un sociedade civil. Tampouco existe normativa que ampare a Administración na constitución de novas Comunidades de Bens, se ben a opinión dos expertos nesta materia é que non se poderán constituír comunidades de bens con actividades mercantís e estas só quedarán como sociedades para a mera “conservación e aproveitamento” de bens comúns entre os participantes da citada comunidade de bens.

Todo o exposto anteriormente está elaborado en base a consultas vinculantes e informes emitidos por expertos e asociacións profesionais coa información que ata finais de novembro proporcionou a administración. Hai moitas lagoas que se espera que se resolvan nos próximos meses para poder actuar con maior seguridade xurídica e poder así aplicar o novo sistema tributario.

Cambio na normativa de módulos 2016

Existen novas magnitudes excluíntes con carácter xeral:

.- Volume de ingresos no ano inmediato anterior superior a 250.000€ para o conxunto de actividades económicas, excepto as agrícolas, gandeiras e forestais. Computaranse a totalidade das operacións, exista ou non obriga de expedir factura. As operacións nas que exista obriga de expedir factura cando o destinatario sexa empresario, non poderá superar 125.000 €.

.- Volume de ingresos para o conxunto de actividades agrícolas, forestais e gandeiras superior a 250.000€.

.- Volume de compras en bens e servizos no ano inmediato anterior, excluídas as adquisicións de inmovilizado, superior a 250.000 €.

Exclúense todas as actividades suxeitas a retención do 1% da tributación de módulos coa excepción de transporte de mercancías por estrada e servizos de mudanzas. Así mesmo, modifícanse as magnitudes específicas dos epígrafes de transporte de mercancías por estrada e servizos de mudanzas, diminuíndo de 5 a 4 os vehículos en calquera día do ano.

Subvencións da Deputación

(BOP 226 do 25 DE NOVIEMBRE DE 2015)

Obxecto: Axudas a entidades sen ánimo de lucro para desenvolver actividades ou investimentos no exercicio 2016.

Liñas: promoción económica, actividades culturais, actividades de fomento do deporte, agricultura entre outros.

Prazo de solicitude: Dende o 26 de novembro ata o 15 de xaneiro de 2016

Axuda: entre 600 € e 30.000 €

Investimento mínimo: 3.000 €

Solicitude: telemática a través da plataforma da deputación.

Debuxos para concienciar sobre a importancia do pequeno comercio

Asetem organiza un concurso en colaboración coas Anpas dos tres colexios de Melide

Os traballos feitos polos cativos serán expostos durante dúas semanas nos escaparates da vila

En coincidencia coa celebración do Mercamelide de inverno sortearanse 200 euros en vales



Entrega de premios do concurso de debuxo organizado por Asetem na Festa do Melindre de 2013

Cómpre coñecer dende ben cativos as vantaxes do comercio de proximidade e a transcendencia que ten no desenvolvemento de calquera vila. Partindo desta máxima a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem), en colaboración coas Anpas dos tres colexios da vila, organiza un concurso de debuxo que persegue “promover o comercio local entre os estudantes de infantil e primaria e facelos reflexionar sobre a súa importancia”.

Baixo o título *O comercio da túa vila*, a actividade desenvolverase durante as vacacións de Nadal e nela poderán participar de xeito individual todas as nenas e nenos que sexan socios das Anpas. Xusto antes de que rematen as clases, entregaráselle aos cativos unha folla informativa como a que figura no fondo desta páxina que lles servirá como guía. A partir de aí farán os debuxos nas súas casas e terán liberdade para abordar diferentes aspectos relacionados co pequeno comercio. Os traballos, que se farán sobre papel ou cartolina en tamaño

DIN A-4, terán que levar un título e deberanse entregar nas sedes das Anpas antes do día 10 de xaneiro.

Exposición e premios

Co fin de lograr unha maior difusión dos debuxos, Asetem, de acordo cos titores dos cativos, expoñerá as creacións nos escaparates dos comercios e nos locais de hostalería da vila.

Ademais tamén se concederán varios premios mediante un sorteo que se realizará no mes de febreiro, en coincidencia coa celebración do Mercamelide de inverno. En total sortearanse 200 euros en vales de compra de 20 e 30 euros que se poderán gastar en calquera tenda asociada a Asetem. Haberá tamén sorteo de agasallos sorpresa.

Co concurso *O comercio da túa vila* Asetem colabora de novo coas tres Anpas de Melide, logo de telo feito con anterioridade en campañas como a do *Bono Asetem*. Dende a xunta directiva manifestan a súa intención de “seguir mantendo unha liña de colaboración no futuro para achegar os cativos ao noso comercio”.

Mercar no pequeno comercio fainos grandes

Que é o pequeno comercio?

Son as tendas da nosa vila: peixerías, carnicerías, froiterías, mercerías, ferraxerías, xoierías, talleres... e outros comercios que temos á beira da casa e onde mercamos os produtos que necesitamos para o día a día.



No pequeno comercio axúdanche a atopar o que buscas, aconséllante e incluso te chaman polo teu nome. Seguro que moitos tendeiros son veciños teus!!



Caes son as súas ameazas?

Nos últimos anos construíronse nas cidades grandes centros comerciais que abren moitas horas. A clientela acode a eles, aínda que teña que viaxar moitos quilómetros no coche, porque pensa que alí vai atopar máis variedade e prezos baratos. Como consecuencia diso as tendas da nosa vila venden menos e moitas delas vense na obriga de pechar. Se pechan, moita xente queda sen traballo.



Que vantaxes ten o pequeno comercio?

- Os tendeiros son os nosos veciños/as.
- Recibimos un trato especial.
- Nas tendas fíanse de nós e nós fíamonos delas.
- Infórmanos se temos dúbidas e explicánnos todo o que queiramos.
- Non é preciso coller o coche para ir mercar. Podemos facelo paseando.
- O pequeno comercio dálle vida á vila e axuda a que medre.
- Mercando no pequeno comercio axudamos a crear traballo na comarca.

CELSA MARIÑO, DIRECTORA DA OFICINA DE CORREOS DE MELIDE

“Os carteiros son o mellor expoñente da nosa vocación de servizo público”

Confía na utilidade do traballo que fai e así o transmite en cada unha das súas respostas. Hai pouco máis de sete meses que Celsa Mariño pechou un círculo profesional e regresou a Melide, a vila onde deu os seus primeiros pasos como carteira, para dirixir a oficina de Correos. Faino

logo dunha traxectoria profesional que lle permitiu coñecer ben o funcionamento interno desta empresa “con vocación de servizo público” e que atravesa por un momento de cambio que obriga a unha aposta constante por “novos produtos de futuro que lle faciliten a vida á cidadanía”.

- Todos coñecemos Correos, pero seguramente se nos escapan moitos dos servizos que presta. Descubranos algún deles...

-Celsa Mariño (C.M.): Quizais moita xente non saiba, por exemplo, que temos un servizo específico para o Camiño de Santiago. É un dos máis recentes e no caso concreto da oficina de Melide, unha vila pola que pasan o Camiño Francés e o Primitivo, está funcionando moi ben. É un servizo que consiste no transporte de mochilas e de maletas dende diferentes etapas. Os peregrinos só teñen que chamar a un número de teléfono ou ben contactar con nós a través de internet e a partir de aí contratar por tramos ou organizar o transporte de toda a viaxe. Incluso nos encargamos de enviarlles as bicicletas de volta á casa, e a calquera punto de España, a través dunha sucursal provisional que temos na Praza do Obradoiro.

- Renovarse ou morrer. Está buscando Correos novas liñas de negocio ante a crise da comunicación tradicional por vía postal?

-C.M.: Estamos apostando constantemente por novos produtos e por servizos de futuro que lle faciliten a vida tanto ás empresas como á cidadanía. Por poñer outro exemplo, Correos está colaborando co Concello da Coruña nun proxecto de cidade intelixente. Os nosos carteiros levan unha aplicación na súa PDA a través da que rexistran incidencias que lles comentan os veciños. Entón se unha persoa avisa ao carteiro de que hai unha fochanca na rúa, el dá parte ao concello a través desa aplicación.



Celsa Mariño Río dirixe dende o 1 de maio a oficina de Correos de Melide

- Referiuse antes ás empresas. Que servizos específicos teñen para este sector?

-C.M.: Eu sempre lles digo aos empresarios que se achen ata a nosa oficina e que pidan presuposto para todo o que queiran facer, que nos expliquen as súas necesidades, porque seguro que temos o produto axeitado. Algo que funciona moi ben é a publicidade sen dirección; para lanzar revistas, folletos ou campañas comerciais podemos conseguir prezos moi competitivos. Ademais, e iso é algo no que marcamos a diferenza, somos fiables no reparto. O carteiro sabe as vivendas que están habitadas e as que están baleiras, asegúrase de que vai quedar un folleto en cada buzón e non vai meter vinte xuntos

para rematar antes.

- Á marxe da parte empresarial hai tamén esa outra parte humana, a do día a día dos carteiros. Ata que punto é importante?

-C.M.: Os carteiros son unha das partes máis importantes porque están en contacto directo coa xente e detectan o que necesita. Date de conta que os carteiros rurais de Correos chegan a moitos lugares aos que non chega ningunha outra empresa. Son o mellor expoñente da nosa vocación de servizo público e incluso fan de psicólogos: falan coa xente no día a día, lenlle cartas a moitas persoas maiores que non as entenden... son un máis da familia.

- Non hai moito tempo falouse de substituír os car-

teiros rurais nalgúns zonas por buzóns comunitarios. Que lle parece esta medida?

-C.M.: Non estou de acordo con ela. É un servizo necesario. Nos pobos dos Ancares os supermercados teñen un contrato con Correos a través do cal os carteiros levan a compra ás casas de xente que non ten medios para desprazarse. Imaxina o que suporía para esas persoas que desaparecese o seu carteiro.

- Defende a xestión pública das empresas e a de Correos en concreto?

-C.M.: Si. E dígoche ademais que Correos funciona moi ben. En todos estes anos labramos unha boa imaxe que fai que os cidadáns, as empresas e as institucións confíen en nós. Por poñer un exemplo, moitas

“Recoméndolle aos empresarios que nos visiten e nos expliquen as necesidades que teñen”

“Somos fiables no reparto e niso marcamos a diferenza con respecto a outras empresas”

ONG’s acoden a Correos para poñer en marcha proxectos de colaboración porque confían en nós e saben que somos serios. Refírome a Unicef e as tarxetas de Nadal, á lotería da Cruz Vermella ou aos bolígrafos solidarios de Crecer Jugando.

- Cal foi a súa traxectoria profesional ata chegar á dirección da oficina de Correos de Melide?

-C.M.: Pasei por todas as fases posibles. Fun carteira rural e urbana e traballei en atención ao cliente ata que aprobei as oposicións e tiven praza en Madrid. Logo estiven de carteira en Perillo e máis tarde presenteime aos exames de directora de oficina. Aprobeinos e comecei facendo substitucións: Teixeiro, despois en Arzúa oito anos e agora Melide.

Roval

J O Y E R Í A



*Nadal / Reis
2015*

*Máis de 30 anos conseguindo
a confianza dos nosos clientes !!*

- **Xoiería en ouro, prata e aceiro.**
- **Confíanos as túas reparacións de xoiería e relojería.**
- **Trofeos e placas conmemorativas.**
- **Todo tipo de gravacións.**

Sabías que...?

Mercando en Melide nestas datas, axudamos todos a potenciar o comercio da nosa vila, creamos riqueza e damos un pulo moi importante á economía local.

Gracias por mercar na nosa vila.

Tfno.: 981 50 54 31 • joseroyal@mundo-r.com • Rúa Alexandre Bóveda, 12 • 15800 MELIDE (A Coruña)



*Nestas festas de Nadal,
as nosas mellores
ofertas en*
**CALIDADE
e PREZO**

Cantón de San Roque, 11- MELIDE



Síguenos en [facebook](#)



BRUNO PREMI

Pepe Jeans
LONDON

RINASCIMENTO
MADE IN ITALY

ESPRIT

VILA
CLOTHES

TOMMY
HILFIGER

AM ANTONY MORATO

new balance

HUNTER

edc
ESPRIT

REPLAY



PVP recomendado. Hasta el 31/10/2015 por la compra de unas gafas graduadas (montura mó + lentes) por 77€ con lentes graduadas monofocales antirreflejantes Beslayt 1.5 AR, cilindro + 2, esfera + 2 a - 4, llévate unas segundas gafas gratis mó con la misma graduación y lentes Beslayt 1.5 AR. Válido para una selección de monturas mó señaladas en el establecimiento que lo publicite. No acumulable a otras ofertas o promociones.

**2^{as}
gafas
GRATIS**

al comprar tus mó
graduadas
con antirreflejante

77€

**Ronda de A Coruña, 20
15800 Melide
A Coruña**

www.multiopticas.com

MULTIÓPTICAS
Tabora

Pais e nais que volven ás aulas

O IES de Melide crea unha escola dirixida ás familias para orientar e debater sobre a educación dos seus fillos e fillas



Arredor de 50 pais e nais asistiron ao primeiro encontro na biblioteca do IES

“Temos que facer fillos autónomos que sexan capaces de resolver os seus problemas; porque isto é algo que vale para os estudos e para o resto da vida”. Unha frase directa e sen voltas, que ataca a liña de flotación do sobreproteccionismo e que forma parte da primeira lección impartida na Escola de Nais e Pais que acaba de poñer en marcha o IES de Melide.

Esta iniciativa, que segue a estela doutros centros de ensino secundario como o de Palas de Rei, busca crear un espazo onde poñer en común “dúbidas, medos, erros e acertos” para orientar aos proxenitores na educación dos seus fillos durante unha das etapas máis complexas da súa vida; a adolescencia. “A idea xa viña fraguándose dende o curso pasado porque nós entendemos que a educación ten que facer partícipes non só aos alumnos e aos profesores, senón tamén á familia”, explica Graciela Fiaño, orientadora do IES, “entón a maneira de dinamizar esa participación é crear un espazo no que intercambiar opinións e compartir inquietudes”.

A propia Graciela foi a encargada de dirixir a primeira das charlas, que se celebrou o pasado 23 de novembro na biblioteca do centro e á que

acudiron algo máis de 50 pais e nais; un “bo inicio”, en opinión da orientadora, quen explica que se inscribiu na escola de nais e pais “arredor do 10% das familias”. Este proxecto educativo desenvolverase ao longo do presente curso e “en función de como vaia saíndo a cousa” terá ou non continuidade en vindeiros anos académicos.

Funcionamento da escola

Cada mes a escola de nais e pais realizará unha xuntanza de unha hora e media aproximada de duración. Algunhas serán dirixidas polos mestres do instituto e para outras acudirán especialistas “con experiencia” nos diferentes asuntos que se aborden. Todas elas terán unha estrutura semellante, cunha primeira parte de exposición que dará paso a un tempo de debate e reflexión que nalgúnhas ocasións incluírá talleres prácticos e simulación de casos reais. Como reforzo de todo o falado e comentado, creouse un blog ao que pais e nais poderán acudir cando queiran.

Entre os temas que se abordarán nas reunións deste curso están a adolescencia, como mellorar a relación cos fillos, o acoso escolar e as novas tecnoloxías, prevención de

drogodependencias, educación afectivo/sexual e orientación académica e profesional. Os promotores da escola de nais e pais aseguran que son temas “que demandan as familias” e animan a que “a longo prazo” sexan elas mesmas quen propoñan os asuntos a tratar.

Na primeira das xuntanzas falouse sobre como axudar ao fillo/a nos estudos, afondando nos factores e nas estratexias que inflúen no éxito escolar. A motivación, un entorno favorable ou a boa planificación foron algunhas das claves que se puxeron enriba da mesa nunha sesión na que tamén se quixo enfrontar ás familias coas súas propias contradicións: “somos coherentes co que lles pedimos?”, preguntou Graciela Fiaño. A orientadora insistiu no labor dos pais como supervisores e na importancia de darlle aos adolescentes “cotas de autonomía”.

Dende a Anpa do IES expresaron a súa satisfacción pola posta en marcha desta iniciativa que, segundo manifestaron algúns dos membros presentes no primeiro encontro, “é un desexo que non vimos feito realidade ata agora e que responde a unha inquietude que había por parte de moitos pais e nais”.

O PSOE pide beirarrúas para a contorna do colexio N° 3



Nais, pais e cativos vense na obriga de transitar pola estrada

Os socialistas de Melide consideran necesario dotar de beirarrúas toda a contorna do colexio Mestre Pastor Barral (n° 3) para evitar situacións “de potencial risco” nas que o alumnado “ten que compartir o espazo de circulación con numerosos vehículos”.

A súa proposta foille trasladada ao executivo local no último pleno en forma

de rogo. Sen entrar en detalles, a alcaldesa, Dalia García, explicou que dende o Concello non se prevé realizar ningunha actuación a curto prazo xa que se está elaborando “un plan” para a zona que contempla a urbanización completa de toda a área.

O PSOE solicitou tamén que se dote de iluminación a senda peonil que comunica o casco urbano co campo de fútbol.

FOTO-DENUNCIA

O peite dos ventos

As consecuencias que deixou a burbulla do ladrillo e a crise económica van máis alá das ringleiras de parados ante as oficinas do INEM. Teñen unha das súas manifestacións estéticas nas grúas xigantes que co seu estado de semibandonado nos recordan que os tempos pasados foron mellores.

En Melide hai unhas poucas, vixiantes

sobre as nosas cabezas coas súas estruturas metálicas, cortando o vento, vendo o tempo pasar. Bonitas non son e confianza inspiran pouca coa súa ferruxe incipiente agardando polo inverno. Se non se usan, que non estean.



A Xunta custeará parte dos arranxos necesarios nas vivendas de protección

O Instituto Galego da Vivenda e do Solo (IGVS) move ficha e asume compromisos en relación coas deficiencias da segunda promoción de vivendas públicas de Melide. Logo da presión exercida por propietarios e inquilinos ante o cúmulo de problemas acumulados ao longo dos últimos oito anos no edificio, a Xunta confirma que aboará os danos derivados dos defectos de obra, aínda que non aqueles que se produzan polo uso ou pola falta de mantemento.

Á espera de avaliar polo miúdo os desperfectos detectados no interior dos pisos, un técnico do IGVS visitou xa o edificio para realizar unha primeira avaliación de danos, un xesto que o voceiro do BNG de Melide, Xosé Igrexas, considera “un paso importante” pero insuficiente: “non chega só con avaliar, agora hai que ir máis alá, presupostando e adxudicando as obras de reparación canto antes”.



A deputada do BNG Ana Pontón visitou o edificio

Igrexas exerceu de anfitrión na visita que a deputada autonómica do BNG Ana Pontón realizou ás vivendas para coñecer de primeira man a problemática antes de presentar unha moción ao respecto no parlamento galego e solicitar unha partida económica de 100.000 para arranxar as deficiencias detectadas.

Pontón fixo un chama-

mento ao PP para que “non enterre a solución a problemas que poñen de manifesto a mala xestión da Xunta en cuestións ordinarias que se terían que resolver sen que fixeramos este tipo de intervencións”. Criticou por outra banda que nesta lexislatura se fixera un recorte “de preto do 80%” nas políticas relacionadas coa vivenda.

NOTICIAS BREVES

Depuradora para o polígono

O BNG de Melide presentou no parlamento galego unha emenda para solicitar a construción da depuradora do polígono industrial. Os nacionalistas demandan da Xunta un investimento de 550.000 euros ao tempo que critican o proxecto do PP, que se amosa partidario de desviar os vertidos cara á actual depuradora municipal: “é un grande erro, xa que sería mandar residuos industriais a unha depuradora que xestiona a auga que beben veciños e veciñas”, apunta o concelleiro Xosé Igrexas.

O BNG tamén presentou outra emenda para poñer en marcha un proxecto de rehabilitación, sinalización e integración paisaxística do Camiño francés ao seu paso por Melide.

Denuncia por acto electoralista

O PSOE de Melide presentou unha denuncia ante a Xunta Electoral por considerar “un acto cun fin claramente electoral nun período prohibido pola lei” a visita ao centro de saúde que realizaron o pasado 27 de novembro o conselleiro de Sanidade, a conselleira de Medio Rural, a xefa territorial de Sanidade, o xerente do Hospital Clínico de Santiago, o director de recursos financeiros e a alcaldesa de Melide. Para os socialistas “é indignante e unha burla que se presenten aquí despois de que a Xunta só destine no proxecto de orzamentos para o ano 2016 a cantidade de 300.000 euros, que só chegará para colocar a primeira pedra na vindeira campaña electoral das eleccións autonómicas”.

ASFALTAN 13 RÚAS DO CASCO URBANO

O Concello de Melide está a executar actualmente dous proxectos de obra que levan aparelado o arranxo de 13 rúas do casco urbano. O primeiro, cunha dotación económica de 138.774 euros, abrangue o arranxo de cinco rúas: almirante Brown, rúa mestre Nilo Cea Rodríguez, Rúa San Cosme e rúa Eduardo M. Tuner.

O segundo proxecto, cun investimento total de 102.321 euros, contempla a pavimentación das seguintes rúas: Martagona, Curros Enríquez, Vista Alegre, Xoán XXIII, Pastor Barral, alcalde Manuel Salgado, Antonio Ron Varela e o acceso á área recreativa do río Furelos.

Por outra banda tamén se investirán 22.597 euros no rural para a pista que vai dende a estrada AC-840 ata Castiñeiroa (Xubial) e para a que comunica a N-547 co núcleo do Leboreiro.




Obras do PAS da Deputación

Pavimentación e seguridade vial na rúa Antonio Prado e outras	160.360 €
Pavimentación en pista a Maceda e outras	166.785 €
Cambio da cuberta lateral do polideportivo de Melide	66.278 €
Cambio de ventás do Edificio Multiusos	65.030 €

Un ex-alumno do instituto premio Arquímedes 2015

David Méndez Martínez, ex-alumno do IES de Melide, acadou recentemente o segundo premio no certame universitario Arquímedes 2015, dentro da área de Ciencias Experimentais, Exactas e Ambientais. Este concurso destinado a estudantes universitarios ten por obxectivo fomentar o espírito emprendedor mediante a concesión de premios a traballos de investigación. Na actualidade David Méndez está a preparar a súa tese doutoral na Universidade de Málaga despois de rematar en 2014 os estudos de grao en Matemáticas, pola Universidade de Santiago co mellor expediente da súa promoción.



Ánxeles Vázquez: “vou organizar o sector leiteiro custe o que me custe”



A Conselleira acompañada pola alcaldesa de Melide e o presidente de Melisanto

A nova conselleira de Medio Rural e exalcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, aposta pola fusión de cooperativas gandeiras como única vía de saída á actual crise láctea. Ese será o seu principal cabalo de batalla á fronte da consellería, segundo deixou patente durante o primeiro encontro que mantivo cos gandeiros da comarca despois de asumir o cargo o pasado mes de setembro.

Foi no economato de Melisanto onde, ante medio cento

de profesionais, Vázquez manifestou que vai “deixar a pel” ata conseguir organizar “por completo” o sector, unha tarefa que asumiu incluso como un reto persoal: “vouno conseguir custe o que me custe”. A conselleira manifestou que os gandeiros deben ser capaces de organizarse “para poder negociar os prezos” e nesa liña avanzou que de cara ao próximo ano se incluírá nos orzamentos da Xunta unha partida específica con axudas para as

cooperativas que se unan.

Esta é unha das liñas estratéxicas para 2016 que Vázquez presentou ante os gandeiros poucas horas despois de facelo no Parlamento de Galicia. Outra das medidas que estuda, e que tentará consensuar coa Plataforma en Defensa do Sector Lácteo, é a creación dun Plan Estratéxico do Rural Galego, sobre o que xa avanzou que non incluírá o establecemento dun prezo mínimo para o leite en orixe: “quedou claro



VOLVEN AS PROTESTAS ANTE O FRACASO DO ACORDO LÁCTEO

Tres meses despois das masivas protestas protagonizadas polos gandeiros galegos para reclamar un prezo digno en orixe para o seu leite, o sector volve saír á rúa. Denuncian o fracaso do acordo lácteo e apuntan ás empresas distribuidoras e ao paradoxo que supón ver o leite entre 3 e 5 céntimos máis caro nos estantes dos supermercados mentres aos produtores se lles mantén ao mesmo prezo. A Plataforma en Defensa do Sector Lácteo anuncia que mobilizará de novo os tractores nas cidades de Galicia. Recentemente promoveu concentracións diante de grandes supermercados para “explicarlle á cidadanía o que oculta a distribución detrás da suba do prezo do leite”.

que non existe pero hai formas de presionar e esa é a liña pola que hai que ir”.

Sobre o acordo lácteo asinado en setembro en Madrid, Vázquez admitiu que “hai algún eslabón da cadea que está fallando” e pediulles aos gandeiros “un pouco de tempo” á vez que manifestou ao respecto

que “non vou ser das persoas que vaia pola porta de atrás”.

A conselleira tamén adiantou que se van paralizar as concentracións parcelarias naqueles lugares “onde non haxa explotacións” e que se axilizarán “só en comarcas con actividade agraria”, entre as que incluíu as de Melide e Arzúa.

Toques solicitará a cesión dos terreos anexos ás vivendas de protección



A corporación de Toques acordou por unanimidade establecer contactos coa Xunta de Galicia para solicitar a compra ou cesión dos terreos de Pontequeimadas que se atopan entre as vivendas de protección oficial e o campo de fútbol municipal. A iniciativa para facerse con esta parcela, titularidade do Instituto Galego da Vivenda e do Solo (IGVS), partiu do equipo de goberno (BNG e PSOE), que considera os terreos idóneos para dedicalos “ao uso público”.

O alcalde, José Ángel Penas, xustificou a iniciativa na necesidade que ten o concello “de espazos públicos para facer cousas” e adiantou que a parcela se podería empregar para construír un almacén no que gardar maquinaria ou para ampliar as instalacións deportivas. Pola súa banda o tenente

de alcalde, Miguel Buján, engadiu que o cambio de titularidade da parcela tamén sería beneficioso para os habitantes das vivendas de protección oficial, que teñen na leira dende tendais para colgar a roupa ata casetos para gardar a leña. “Se somos capaces de conseguir eses terreos poderían seguir utilizándoos, mentres que agora se vén por aí a Xunta podería sancionalos”.

Promoción do leite galego

Tamén houbo acordo da corporación, pero non unánime, para unirse á campaña de promoción do leite galego que lanzou a Xunta de Galicia. PP e PSOE votaron a favor da moción presentada ao respecto polos populares mentres que o BNG se abstivo por considerar a campaña “un parche” ante o fracaso das políticas gandeiras.

Sábado, 12 decembro	Domingo, 13 decembro
 12 e 13 DECEMBRO 16:00 h. Apertura da feira ó público 17:00 h - 20:00 h. Xogos populares no recinto feiral. 17:30 h - 18:30 h. “Cata comentada de Arzúa-Ulloa (DOP), Ternera Gallega (IXP) e viño da Ribeira Sacra (DO). Previa inscrición. 18:00 h. Acto oficial de apertura a cargo de Ánxeles Vázquez, conselleira de Medio Rural 19:00 h. Teatro: <i>As Bulideiras</i>. 20:00 h. Peche da feira.	10:00 h. Apertura da feira ó público 11:00 h - 12:00 h. Maridaxe melindres e espumosos 12:20 h - 12:30 h. Obradoiro de elaboración de queixo para os nenos e nenas. 16:00 h. Peche e clausura da feira. Durante toda a fin de semana, haberá no recinto feiral animación, degustación e habilitación de photocall rural 

Toques evita a asfixia orzamentaria tras pechar un acordo coa Deputación

O Concello de Toques recibiu como auga de maio a modificación dun convenio que o anterior goberno local (XCPT-PP) tiña asinado coa Deputación e que obrigaba a achegar dende as arcas municipais 46.000 euros para poder recibir unha subvención e executar un proxecto de obras.

Dita cantidade correspóndese en concreto co 20% dunha axuda nominativa que o organismo provincial concedeu a principios deste ano para a “execución de obras de interior en Prados e outros”. Como condición para poder realizar o investimento, o concello debía poñer da súa parte eses case 46.000 euros. Co obxectivo de non perder a subvención, o anterior executivo modificou o orzamento e retirou parte da asignación presupostaria dalgunhas partidas ata reunir a cantidade esixida.

A xuízo do actual goberno local (BNG-PSOE), que naquel

momento estaba na oposición, esa manobra “deixou o orzamento desencanaado” e complicou a xestión económica no

O goberno local recupera 46.000 € que o Concello tiña a obriga de poñer como complemento dunha subvención

último tramo do ano. Foi por iso que o bipartito chamou ás portas da Deputación para renegociar o convenio e conseguir a devolución dese 20% correspondente ao proxecto de obras en Prados.

Finalmente o organismo provincial cedeu e o pasado 26 de novembro aprobou en pleno a modificación, de xeito que Toques poderá incorporar de novo os 46.000 euros ao orza-

mento “e recuperará parte da estabilidade orzamentaria”, explica o alcalde nacionalista, José Ángel Penas. A isto o rexedor engada que “a negociación foi moi difícil pero agora estamos nunha situación mellor ca hai seis meses e remataremos o ano menos asfixiados”.

A situación económica de Toques no tramo final do exercicio económico de 2015 non é do máis folgada. Segundo as explicacións dadas polo secretario-interventor no último pleno, a día 18 de novembro o crédito dispoñible para gasto corrente era de 83.817 euros, sen sumar as partidas de persoal e de subvencións para obras. Dista cantidade sería suficiente para o que resta de ano “se estivese todo pagado”, apuntou o secretario ao tempo que explicou que hai incluso facturas pendentes de abril e maio e que no seu conxunto superan “seguro” o importe de 83.817 euros.

ESTE NADAL, ADOPTA UN CAN

Axúdalles a atopar un fogar digno



DORA

Cachorra de 8 meses e 8 kg de peso. Moi dinámica e alegre. Xoguetona, moi cariñosa e boa. Adáptase a calquera casa.



YOLI

Cadela de 8 meses e tamaño pequeno. Moi obediente. Alegre e cariñosa con adultos e cativos.



LADY

Cadela de seis meses. Tamaño mediano-grande. Bonita e de carácter doce. **URXE ADOPCIÓN!!**

UN CAN NON É UN XOGUETE

Se mercas ou adoptas, faino con

RESPONSABILIDADE

Tlf. de contacto: **639 97 10 05**

Visita a páxina de Facebook

“CANS PERDIDOS EN MELIDE”
para obter máis información

RACIÓNS E TAPAS

1.- CODIDO COMPLETO con caldo ou sopa de cocido & pan & viño & postre & café & chupito.....18
(SÁBADOS E DOMINGOS)

2.- CROQUETAS DE BACALLAU OU COCIDO.....4,5

3.- HAMBURGUESA DE PULPO "CASA ALONGOS".....4,25

4.- HAMBURGUESA GOURMET DE BOI ANGUS BLACK.....4,75

5.- HAMBURGUESA VEXETAL.....4,25

6.- PARRILLADA DE VERDURAS e ali oli de aguacate.....5

7.- CABACIÑOS RECHEOS e salsa de iogur.....5

8.- RAXO "ALONGOS" con pementos e patacas.....7,5

9.- TÁBOA DO CAMIÑO.....10

10.- PAN CATETO CON XAMÓN.....5

11.- MONTADIÑO DE QUEIXO SAN SIMÓN E PULPO.....6

12.- MONTADIÑO VEXETAL E QUEIXO ARZÚA ULLOA.....6

13.- MAR E MONTAÑA DE PULPO E ORELLA.....10

14.- TORTILLA DE PATACAS E CEBOLA (para 4 persoas) con aceite de oliva virxe extra.....12

15.- ZAMBURIÑAS Á GRELLA Ración (por encargo).....10

16.- VIEIRAS "ALONGOS" Unidade (por encargo).....3,75

17.- PULPO Á FEIRA.....7,5

POSTRES CASEIROS:

Crema de chocolate.....2,5

Arroz con leite.....2,5

Biscoito.....1,4

Queixo con mel ou marmelo caseiro.....2,5

CHUPITOS DE LICORES CASA ALONGOS:

Aguardente, herbas, café, crema de arroz con leite, crema de orujo.....1,2

INFUSIÓNS ECOLÓXICAS ALMA.....1,3

ZUMES ECOLÓXICOS DELIZIUM

1L.....2,5

33 cl.....1,4

ESPECIAL CARTA DE VIÑOS:

RIBEIRO, RIBEIRA SACRA, RÍAS BAIXAS, MONTERREI, RIOJA, RIBERA DEL DUERO, NAVARRA, VIÑOS DE AUTOR

Propostas ricas e diferentes

Croquetas caseiras de cocido, bacallau ou verduras

Montaditos de pulpo e queixo San Simón

SÁBADOS E DOMINGOS DE COCIDO

Reserva o teu xantar ou cea en familia, cos amigos, coa empresa...

Camiño Vello de Santiago - MELIDE
Tfno.: 981 506 392 Móviles.: 619 229 334 / 686 312 851
www.casaalongos.com - info@casaalongos.com

LINDES

Inmobiliaria

Sucesiones (Derechos Reales)

Particiones

Mediciones

Seguros

Catastro

www.lindesmelide.com info@lindesmelide.com 981 935 108 Ronda da Coruña 68, Baixo Izda. 15800 (Melide)

INMOBILIARIA MELIDE AGORA É **LINDES** NOVA IMAXE

VALDELOYO
BODEGA VIÑA VALDELOYO
PREMIOS 2015

BACCHUS DE PLATA
CONCURSO INTERNACIONAL

1º CLASIF. CONCURSO
MACERACIÓN CARBÓNICA DE
SAN VICENTE DE LA SONSIERRA

Valdeoyo, un dos mellores viños da Rioxia alta, desembarcou recentemente en Melide de mans do bodegueiro Alberto Ruíz e dunha xornada de cata - presentación no Hotel Carlos 96 dirixida aos hostaleiros da vila.

Bodega Valdeoyo, fundada en 1.999 e constituída como marca no ano 2003, é o resultado de catro xeracións de viticultores de San Vicente de la Sonsierra, unha área con microclima e solos calcáreos e aluviais moi propicios para o cultivo da uva de Rioja.

Cunha capacidade de produción de 150.000 botellas, o viño de Bodega Valdeoyo comezou a ser introducido en Galicia hai cinco anos e ató-



Ricardo Suárez e Alberto Ruíz, de Bodegas Valdeoyo

pase agora mesmo en plan expansión. En 2014-2015 recibiu os seguintes premios: primeiro premio ao mellor crianza nacional no concurso Catatalentos 2014 organizado por BASF a Valdeoyo

Crianza, medalla de prata Bacchus 2015 a Valdeoyo Maceración Carbónica 2014 e primeiro premio para Vino Institucional de San Vicente de la Sonsierra con Valdeoyo Maceración Carbónica 2014.

ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ana Marcos Cardo
Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
15800 - MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 50 57 05

**HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE** ★★ ★

Tlf: 982 153 232 / 679 035 713

**IMPRENTA
eligraf**

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu



Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*



Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03

CHINCHES?

MOSCAS?

CARCOMA?

ROEDORES?

CUCARACHAS?

Plagostel
N.R.S. (DL77-SAL-SPC)
calidad e higiene alimentaria

comercial@plagostel.com | 698 163 399

www.plagostel.com

AVOGADOS

Ana Pernas Vilasuso

C. 1678

Miguel Fernández López

C. 711

HERDANZAS

R/ Luis Seoane, 2 - 2º

Tlf. 981 506 455 – Móbil 661 58 00 04

MELIDE

Súper Precio
Promo Semana



Elige tu menú a medida
*de lunes a jueves y viernes al mediodía

Individual

Entrado + Bebida + Helado o Café 6€

Torta o Tortilla + Bebida + Helado o Café 7€

Para compartir

2 Productos a elegir (carne, pollo, pescado o queso) + 2 Bebidas + 2 Helados o Café 14€



TAMBIÉN PEDIDOS PARA LLEVAR
Tfno: 881 95 70 74
C/ Galiteiros Da Garceira nº 1, Melide (A Coruña)

Carburo
Bar-Parrillada



Saturno y Dora
Tfno.: 981 50 49 07
Villamor - TOQUES (A Coruña)

*Un sitio diferente para as túas
ceas de Nadal e empresa*

**O MELLOR SABOR
A MELLOR CALIDADE
A MELLOR COMIDA CASEIRA**

Chiquitín
A parada no teu Camiño

San Antón, nº 18
MELIDE

Telf.: 981 815 333

www.chiquitinmelide.es info@chiquitinmelide.es

CEAS DE NADAL E EMPRESA

Menú 1

Langostinos
Gambas ao alfo
Zamburíñas
Cinta de lombo con
salsa vermut

28 €

(Inclúen: viño branco, tinto, sobremesa e chupito)

TEMOS MÁIS MENÚS! INFÓRMATE!

Menú 2

Langostinos
Ameixas
Salsicón
Croca ou salmón

35 €

RESTAURANTE PARRILLADA PILMAR
MARIÑO

- DESAYUNO • MENU
- COMIDAS PARA GRUPOS
- ESPECIALIDAD EN CARNES AL A BRASA




CELEBRA O NADAL CON NÓS

Gran variedade de menús

Comedor amplo

*Especialidade en carnes
e peixes á brasa*

**Santa María
MELIDE**

**Teléfonos:
981 50 76 17
606 59 04 46**

O Festival de Maxia trae a un dos mellores hipnotizadores do mundo

Melide acollerá a fin de semana do 4, 5 e 6 de decembro unha nova edición do Festival de Maxia, con espectáculos repartidos en diferentes escenarios da vila, un elenco de prestixiosos magos internacionais e un show de hipnotismo para público adulto como principal novidade.

Será en concreto o sábado día 5 cando o francés Jeff Toussaint leve á Casa da Cultura un espectáculo de hipnotismo para o que haberá aforo limitado e ao que só poderán acceder maiores de 16 anos. Ilusionista, mago e hipnotista, Jeff Toussaint é un dos profesionais máis sonados do momento, unha fama labrada tras 25 anos de brillante traxectoria actuando por toda Europa.

Pero antes diso a terceira edición do festival dará o pistoletazo de saída con maxia na residencia dos maiores a media tarde e posteriormente, ás 19:00 horas na Casa da

Cultura, cun espectáculo de maxia para nenos a cargo do arxentino Carlos Adriano, que ademais de ser un dos mellores magos do mundo en maxia infantil, é tamén un polifacético e premiado artista que escribiu varios libros de maxia, dá conferencias e traballa tamén como mestre de ilusionismo.

Xa pola noite, a partir das 22:00 horas, varios magos percorreren os locais da zona vella de Melide para deleitar coa maxia de preto aos clientes cos que se vaian atopando.

Obradoiros

Na xornada do sábado os máis pequenos serán tamén protagonistas, pois para eles (maiores de 8 anos) haberá un obradoiro de maxia no Multiusos no que para poder participar, por ter as prazas limitadas, é preciso inscribirse chamando ao 981 50 50 03. Non será a única actividade ese día, pois antes da gala de hipno-

tismo de Jeff Toussaint, os magos Roberto Lolo e David Macc ofrecerán un espectáculo para todos os públicos entre as 18:00 e as 20:00 horas na carpa máxica instalada no Cantón de San Roque.

Gala Internacional

Como acostuma a acontecer, o prato forte quedará para o domingo, xornada de clausura, cunha gala internacional na que actuarán catro magos: Naife (Huelva), cun número moi visual e de corte oriental baseado na creación de vida; Pablo Cánovas (Córdoba), un ilusionista de 14 anos cun número no que a manipulación da naipes ao máis alto nivel e a música van da man; Sasha, mago procedente de Saraxevo e, como non podía ser doutro xeito, o mago melidense Dani Polo e os seus trucos de manipulación, cos que mesmo deixa sen alento aos máis experimentados ilusionistas.



RECOÑECIMENTO AO TRABALLO BEN FEITO



Aron Ayude e Jose Ayude co presidente da Xunta

Escuela Ayude de Melide estivo presente no recoñecemento que a Xunta lle quixo facer o pasado 1 de decembro na Cidade da Cultura aos 97 deportistas galegos que dende novembro do ano pasado conseguiron algunha medalla internacional. Á recepción ofrecida polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, acudiu Aron Ayude Pallas, deportista da Escuela Ayude e veciño de Santiso, que se fixo cun bronce no último campionato de Europa de Kick Boxing. No acto estivo acompañado polo seu técnico e tamén seleccionador galego, Jose Ayude.

Por outra banda o centro melidense tamén celebra a clasificación da tiradora Patricia López para a copa do mundo junior que se celebrará en Burgos no mes de febreiro. A discípula de Escuela Ayude conseguiu o acceso directo nas probas do ranking nacional de esgrima, tras meterse na final a oito da categoría absoluta.

Tamén foron bos os resultados da Copa Diputación de Pontevedra de Kick Boxing, da que Escuela Ayude regresou con cinco ouro, tres pratas e tres bronce.

Carlos Blanco

Monólogo

SÁBADO 19 DECEMBRO 22,30 h.
Casa da Cultura de Melide

ENTRADA: **7€ anticipada e 9€ na billeteira**

PUNTOS DE VENDA: **Muxica Tenda Xoven, Estanco Angarela, www.mercaticket.com**
 Rúa do Cineasta 26, Melide Rúa Progresso 9, Melide
 tfo: 981 506 366 tfo: 981 506 096 (só para usuarios de distribución)

(obxecto todos os días, incluídos festivos pola maioría)

FÁTIMA LEA SANFIZ, CANTANTE E CONCURSANTE DE “RECANTOS”

“Levo a música comigo dende pequena, sempre me gustou moito cantar e bailar”

Fátima Lea Sanfiz, veciña de Melide, é a representante do centro de Galicia en “Recantos”, o concurso musical que cada venres reúne a voces de toda a comunidade no programa Luar da TVG. Con 19 anos e unha paixón declarada pola canción, conseguiu acceder á segunda fase tras unha exce-

lente interpretación do tema “Capote de grana y oro” que lle fixo recibir a puntuación máis alta do xurado. Agora afronta a recta final; consciente do difícil que está ganar un concurso “que podería abrir moitas portas” pero convencida ao mesmo tempo de que aínda ten “moito que dar”.

- Por que decidiches participar no concurso Recantos do programa Luar?

-Fátima Lea (F.L.): Foi a raíz de presentarme a cantar ao Bamboleo, outro programa da TVG. A partir de aí decidín seguir cantando na televisión e pensei: “por que non intentalo no Recantos?” E alí me presentei no casting. Tamén foi para darme a coñecer, porque nunca se sabe o que poderá ser, e porque, coma todos saben, encántame este mundo.

- Na túa primeira actuación o xurado deuche notas moi altas e fuches a concursante mellor puntuada. Como viviches ese momento?

-F.L.: A verdade é que me quedou cara de sorpresa. Eu sabía, ou mellor dito intuía, que dentro do que cabe me saíra ben, pero non sabía que lles ía encantar tanto. Ao mesmo tempo púxenme moi contenta porque vin recompensado o meu esforzo e o mal que o pasei antes da actuación. Pero xa digo, non o esperaba para nada. O que teño claro é que me serviu para pasar á seguinte fase con máis forzas e ganas.

- Cando será a túa próxima intervención no programa? Que tema vas interpretar?

-F.L.: A diferenza da anterior fase, nesta actúo de última, entón conto que será a finais de xaneiro ou incluso en febreiro. Aínda non sei a data concreta. O tema que vou cantar é un fado moi bonito: María la portuguesa. Escolleuno o programa e para min supón un reto moi grande, xa que nunca na miña vida cantei ese estilo musical. Vouno ensaiando día a día e intento mellorar onde



Actuación de Fátima Lea na XXVI Semana da Música da Terra de Melide

tropezo máis.

- Semellas ser unha cantante que vive moito as cancións, que se mete nelas. É así?

-F.L.: Dende o meu punto de vista, a música hai que sentila. Igual que moita xente cando lee un libro e se mete nel e o disfruta, a min pásame o mesmo pero cantando. Gústame vivir a canción, como se me estivese pasando a min, e quero transmitila para que todos sintan as emocións e sentimentos que teño eu ao cantar.

- Veste con posibilidades de ganar o concurso?

-F.L.: Hai xente moi boa con cualidades que eu non teño, todo hai que dicilo. Non sei se serei gañadora ou non, o

único que digo é que aínda teño moito que dar.

- Que suporía para ti facerte coa vitoria?

-F.L.: Ganar o concurso sería a bomba (ri), nunca mellor dito! Xa non só polo premio, que me viría de marabilla, senón pola gran recompensa aos nervios e ao esforzo.

- Que oportunidades cres que che abriría no mundo da música?

-F.L.: Eu penso que me abriría moitas portas. De feito a día de hoxe xa me chamaron dalgún grupo... non quero imaxinar se son a gañadora...

- Tes como obxectivo facer carreira no mundo da canción ou velo máis ben como unha afección?

-F.L.: Primeiro, e ante todo, voume centrar nos estudos que estou facendo, e despois na música como unha afección. Pero nunca se sabe.

- É difícil compaxinar a canción cos estudos e o traballo?

-F.L.: É moi difícil. Saber que tes que preparar a canción e preparar un exame ao mesmo tempo non é unha broma. Polo menos para min supón moito estrés, porque xa nin sei por onde empezar.

- Témoste escoitado cantar diferentes estilos pero, cal é no que te sentes máis cómoda?

-F.L.: O meu preferido son as rancheiras, pero independentemente diso adaptacióne a cantar un pouco de todo.

“Non sei se ganarei ou non o concurso; o único que digo é que aínda teño moito que dar”

“O meu estilo preferido é o das rancheiras, pero adaptacióne e canto un pouco de todo”

- Cando descubriches o gusto pola música?

-F.L.: Lévoa dende ben pequena comigo. Sempre me gustou moito bailar e cantar. A todas horas se era posible.

- Recantos non é a túa primeira experiencia sobre un escenario. Cal é a túa traxectoria musical ata día de hoxe?

-F.L.: A miña experiencia non é moita, a verdade... fixen actuacións en Melide na Semana da Música e nalgunha gala. Na televisión estiven en Bamboleo e agora en Recantos.

- Cal é o teu soño no mundo da canción?

-F.L.: Pois chegar a cantar profesionalmente, co meu disco e a miña música en moitas pantallas.

Xosé Neira Vilas, o latexar do pobo (I)

Apuntamento biográfico

César C. Vega, investigador

Naceu en Gres (Ponte Ledesma, Vila de Cruces) o 3 de novembro de 1928 no seo dunha familia campesiña. Ó longo da infancia e a adolescencia compatibilizou as tarefas agrícolas coa asistencia á escola. Nesta época compuxo os seus primeiros versos e formou parte dun grupo teatral de Ponte Ledesma. Antes de remata-la formación primaria, realizou os estudos de Contabilidade por correspondencia. As súas inquietudes literarias e intelectuais motivaron que, por unha banda, solicitase libros a editoriais de Barcelona e, por outra banda, complementase a formación coas clases dun mestre nacional.

Ós quince anos traballou nun serradoiro de Gres. Alí encargouse da contabilidade, pagamentos e cubicación de madeiras. En febreiro de 1949 emigrou a Bos Aires por mor das penurias bélicas e das

condicións do campo. Asentado na capital arxentina, onde tomou conciencia de Galicia e da súa problemática, desempeñou diversos empregos, por exemplo nunha casa maiorista de tecidos, en calidade de separador de xéneros; nunha panadaría-pastelería, e nunha casa maiorista de madeiras, como vendedor a comisión, na que ascendeu laboralmente. Ó mesmo tempo, seguiu formándose, tal e como se constata da obtención do título de Perito Mercantil, dos estudos de Xornalismo e do curso de posgrao intitulado Seminario Permanente para Escritores. Ampliou a súa bagaxe literaria coa lectura das novas tendencias, prohibidas moitas delas en España.

En terras arxentinas promoveu abondosas iniciativas políticas e culturais: a fundación da entidade nacionalista Mocidades Galeguistas (1953),

o I Congreso da Emigración Galega en América (1956) e a organización libreiro-editorial Follas Novas. En febreiro de 1957 casou con Anisia Miranda. Así mesmo, colaborou con textos en publicacións arxentinas (*Adiante, Alborada, Betanzos, Brétemas e Raiolas, Eufonía, Galicia Emigrante, Lugo, Opinión Gallega, Orzán, Tres Cruces...*), uruguaias (*Finisterre e O Irmandino*) e na mexicana *Vieiros*.

O 30 de xuño de 1961 Xosé Neira Vilas e a súa muller, Anisia Miranda, trasladáronse a Cuba. Ámbolos dous adheríronse á Revolución Cubana. O intelectual realizou diversos roles (administrativos, xornalísticos e editoriais) e a carreira de Filosofía e Letras na Universidade da Habana. Salientou por divulgar a cultura galega, sobre todo, mediante a creación e a dirección da Sección de Estudos

Galegos, no Instituto de Literatura y Lingüística da Academia de Ciencias de Cuba, cuxos obxectivos eran impulsar unha Cátedra de Lingua e Literatura Galega; compilar, conservar e estudar o legado bibliográfico e artístico da illa, e organizar exposicións e conferencias.

En 1972 viaxou a Galicia e dende ese ano ata a xubilación alternou a residencia na illa caribeña con viaxes periódicas á terra natal. Unha das constantes desta etapa foi o contacto co mundo cultural galego a través da participación en actividades e da publicación dunha morea de traballos de investigación: *Galegos no Golfo de México* (1980), *Castelao en Cuba* (1985), *Guerrilleiros* (1991), *Rosalía de Castro e Cuba* (1992), *Eduardo Blanco-Amor dende Buenos Aires* (1995), *A lingua galega en Cuba* (1995), etc.

Entre os numerosos recoñecementos están a Medalla



Castelao, o Premio Laxeiro, membro numerario da Real Academia Galega e Doutor Honoris Causa polas universidades coruñesa e habaneira. En 1994 fixou a residencia en Gres. Tras sufrir varios problemas de saúde, faleceu o 27 de novembro de 2015 na devandita parroquia.

Como colofón desta aboraxe, cómpre subliñar tres trazos sobranceiros dunha vida entregada á cultura galega: "rapaz da aldea", "activista da cultura" e voz da emigración.

Mamá, quero ser hacker

Rafael Rodríguez Gaioso,
enxeñeiro informático e presidente de Melisa

O pasado 3 de marzo, a portada do xornal económico "Expansión" publicaba unha foto co titular «El rey y el hacker», onde aparecían conversando o Rei Felipe VI e Chema Alonso, experto en seguridade e traballador de Eleven Paths, empresa que asesora a Telefónica en cuestións de seguridade na rede. Na ampliación da nova criticaba o feito de que o Rei falara con «delincuentes» de Internet. É un exemplo máis da confusión creada arredor do termo «hacker», e que tanto mal está a crear neste colectivo.

A RAE define o termo «hacker» como un «pirata informático», ou sexa, unha persoa con grandes habilidades no manexo de ordenadores que emprega o seu


coñecemento para acceder ilegalmente a sistemas ou redes alleas. Certo que a RAE só reflicte o uso cotiá da lingua, pero con isto só axuda a propagar un erro de concepto, sobre todo cando usa o termo «pirata», que son os que se dedican a abordar barcos no mar para roubalos.

A definición do termo «hacker» máis aproximada á realidade, podemos atopala (unha vez máis) na Wikipedia: "[...] é todo individuo que se dedica a programar de xeito apaixonado, e que ten o compromiso de compartir a información co resto do mundo". E tamén se fai referencia á «ética hacker», como aquela ética que xorde nas comunidades virtuais, e máis concretamente nos laboratorios do MIT nos

anos 50, e que se apoia nas ideas do acceso libre á información e de que a informática pode mellorar a calidade de vida das persoas.

Nada ten que ver a definición anterior coas persoas que cometen delitos a través de Internet. Para referirnos a esta xente, debemos empregar o termo «ciberdelincuente». Por exemplo, os atacantes que publicaron a base de datos de usuarios do portal de contactos Ashley Madison, deben ser considerados como «ciberatacantes», non como «hackers».

Desde fai uns dez anos aparece un movemento social vinculado ao activismo. Espazos de colaboración e debate como os «hacklab» ou «hackmeetings», aparecen



Emblema Hacker

nas nosas cidades para dar cabida a diferentes persoas que se senten parte dunha conciencia colectiva que promove a liberdade do coñecemento e a xustiza social. Polo tanto, entendemos o «Hacktivismo» como o uso de diferentes capacidades técnicas a favor de fins sociais, ecolóxicos, humanitarios ou doutro tipo, e sempre

cunha orientación cara a defensa dos dereitos humanos.

Polo tanto, se o seu fillo ou filla lle di algún día que de maior quere ser «hacker», non se asuste, só quere saber como funcionan as cousas.

Vídeo explicativo de Chema Alonso:
<https://t.co/7IpDYcuQhi>

Hai tantas fórmulas de negocio como un queira imaxinar mais, certamente, hai unha serie de patróns comúns que se repiten e que forman parte do imaxinario colectivo de como as cousas poden e deben ser feitas. Nestes tempos de mudanza están a xurdir novas ideas ou, mellor dito, están a xurdir iniciativas para pór en práctica vellas ideas ou fomentar vellas prácticas. Unha delas chámase, a economía colaborativa, que é un modelo que explora catro elementos: coñecemento aberto, consumo e produción colaborativo, e finanzas compartidas.

A economía colaborativa pode ser entendida ben como un fenómeno, como un sistema de defensa e supervivencia que xorde da situación de emerxencia social e crise económica, ou ben como un proceso irreversible derivado da evolución da nosa forma de relacionamento social que responde á necesidade que temos de sentir que formamos parte de algo importante e que funcionamos como partes interdependentes dun todo. Claro que, indiscutiblemente, foi o desenvolvemento das novas tecnoloxías, nomeadamente das redes sociais, o que fai posible a consolidación deste modelo de negocio que é perfectamente exportable a

A economía colaborativa: 2+2=5

Iria Buxán Raposo, politóloga e emprendedora



outros eidos da vida.

A meirande parte das aldeas galegas de comezos do século pasado, xa empregaban este sistema de colaboración nun marco de convivencia para aproveitar as *sinerxías* mediante a posta en común dos recursos humanos existentes: a veciñanza; dos recursos materiais: a maquinaria, ferramentas ou terras; e do *expertise*: a

sabedoría popular. Deste modo podían traballar dun xeito máis eficiente debido ao aforro de custos. Ademais permitía a abordaxe de grandes traballos e promovía finalmente a socialización dos seus membros a través da participación.

Un exemplo actual que adorei descubrir foi o funcionamento dunha comunidade de monte veciñais de Carballo,

en Friol, na que o compromiso e a implicación das familias nos diferentes proxectos que se están a desenvolver son froito da clara e decidida aposta da súa directiva de garantir o acceso total á información, de executar os proxectos co apoio de expertos e de establecer medidas de control que aseguren unhas contas claras, xerando así externalidades positivas en

relación ao crecemento económico, á protección medioambiental e á participación social da parroquia. Aínda que o máis importante é que atesouran o incalculable valor da confianza, garantía da continuidade e viabilidade deste xenial proxecto colaborativo.

Con todo, o modelo colaborativo non pretende, nin debe procurar, a uniformidade ou a unión entendida como a fusión ou absorción de entes por outros entes, ou de individuos por outros individuos. A unión debe ser entendida como un conxunto de forzas complementares capaz de proxectar unha vontade colectiva de se organizar. Polo que non se trata dunha empresa contra outra empresa, trátase de ofrecer un servizo integral que aproveite as sinerxías das partes permitindo obter unha vantaxe competitiva real; ou non se trata dun concello contra outro concello, trátase de planear e desenvolver un modelo de xestión colectiva de servizos mancomunados. Trátase de defender a independencia mediante o respecto mutuo. Trátase, finalmente, de manter unha mente aberta que proxecte unha visión positiva e construtiva do futuro a través da colaboración e o compromiso.

Persoas que deixaron pegada en Visantoña e bisbarra: Rogelio Agra Pardo

José Núñez López, escritor

Rogelio Agra Pardo descendía directamente por vía materna dos señores do Pazo de Vilar de Ferreiros. Seu pai Manuel Agra casara con dona Saleta Pardo Pimentel que, cos seus dous irmáns don Aurelio e dona Angustia, foron as tres derradeiras persoas que viviron no Pazo, por herdalo lexitimamente dos seu antecesoros.

O pai de Rogelio foi un carpinteiro singular na comarca. Non andaba de ambulante polas casas dos labregos, como era a costume por entón, pois el só realizaba os traballos que lle encargaban no obradoiro que tiña montado nun apendre xunto á súa casa en

Vilar de Ferreiros, e tiña ferramentas especiais para facer mobles mais finos que os demais carpinteiros, por exemplo torneados e outras filigranas. Tamén se lle daba bastante ben pintar altares e retablos de igrexas.

Rogelio aprendeu o oficio pero non quixo limitarse ao traballo no obradoiro de seu pai. Tiña máis altas aspiracións e por iso, despois de traballar algúns anos de carpinteiro, montou nun monte próximo a Vilar de Ferreiros un serradoiro cuxa forza motriz era producida por unha especie de máquina de vapor semellante ás do tren e que se alimentaba mediante a combustión de

pólas de árbores.

Estamos en datas nas que aínda non chegara a electricidade a Visantoña e o aparello de Rogelio foi unha grande novidade naqueles tempos para os veciños da bisbarra, tanto por ser unha cousa nova e descoñecida como tamén porque tiña un chifre que asubiaba tan forte que se oía en toda a parroquia. Como sempre tocaba ás doce do mediodía, tamén tiña a vantaxe para os labregos (que entón case ningún levaba reloxo) de saber cando era a hora de ir xantar, sendo habitual oír dicir nos agros: "vamos xantar, que xa tocou o pito de Rogelio".

Pero Rogelio aínda non atopara a súa verdadeira situación estable, cara a un futuro mais prometedor e, despois de vender aquel raro aparello, montou ao lado da casa que construíra para vivenda "nos Chaus da Liñeira" outro serradoiro, este movido por un motor a gasóleo ao que tamén lle enganchara durante algún tempo un muíño. Vendeu Rogelio este serradoiro e unha vez chegada a corrente eléctrica á parroquia foi o primeiro en utilizala, instalando no baixo da súa casa unha cepilladora para traballar a madeira.

Pero Rogelio, home inquieto e emprendedor, non

se resignou a seguir malvivindo na aldea: vendeu a cepilladora e a casa para levar a cabo o seu derradeiro e definitivo proxecto, que foi o de trasladarse coa súa familia á vila de Arzúa. Alí, despois de construír unha casa, montou o obradoiro de carpinteiro no baixo e dedicouse non só a construción de mobles senón tamén a traficar con eles, vendendo os que recibía xa feitos das grandes industrias do mobile e comezando ademais a instalación en edificios novos de portas e ventás xa confeccionadas. Axiña compra terreos lindeiros coa súa casa nos que constrúe un bloque de pisos que vende facilmente obtendo ganancias importantes.

Á súa morte, xa moi maior, faise cargo do obradoiro de carpintería e prefabricados de madeira o seu fillo José Antonio Agra Agra, baixo a denominación de: "Carpintería Rogelio Agra".

NURIA MEJUTO, MULTIÓPTICAS TABORA

“Impórtanos moito a saúde ocular e por iso traballamos cos últimos avances”

Poñer os pés nunha óptica non implica necesariamente ter que escoller entre saúde e estética. Non polo menos en Multiópticas Tabora, un establecemento que presta atención por igual a estas dúas facetas traballando por unha banda coa tecnoloxía máis moderna en materia de lentes e

tratamentos e seguindo por outra as últimas tendencias de moda. Xa que logo saúde e estética van da man nesta tenda que combina o mellor do pequeno comercio, a atención personalizada, co mellor dunha grande firma de implantación nacional: variedade, calidade e prezos económicos.

- Que papel xogan as ópticas no terreo da saúde ocular?

-Nuria Mejuto (N.M.): diría que desenvolvemos un labor de atención primaria. En Multiópticas Tabora impórtanos moito o tema da saúde ocular e por iso traballamos cos últimos avances, tanto en tratamentos como en lentes. Ademais, aínda que a priori pareza que todo está ben, sempre aplicamos un protocolo con cada cliente que atendemos para que non se nos escape ningunha patoloxía que poida haber no ollo.

- A que se refire cando di que traballan cos últimos avances?

-N.M.: refírome por exemplo ao campo dos cristais progresivos, aos que á xente sempre lle custa un pouquiño máis adaptarse. Na tenda de Melide acabamos de instalar unha nova máquina que nos permite centrar as lentes moito mellor e personalízasas, de xeito que minimizamos os efectos adversos que poida haber e facemos que o cliente se adapte a elas moito máis rápido. Tanto en lentes como en audífonos, que é outro dos servizos que prestamos, procuramos traballar sempre cos últimos deseños.

- Unha persoa cun problema de audición podería solucionar a súa óptica?

-N.M.: Temos moita experiencia na adaptación de audífonos. Calquera persoa que note perda de oído non ten máis que poñerse en contacto con nós e pedir cita para facer unha audiometría de forma gratuíta. Realizamos unha avaliación, determinamos por que se produciu esa perda auditiva e se está nas nosas



Nuria Mejuto, optometrista de Multiópticas Tabora

mans corrixímolos cunha prótese, ou cun aparato, como se lle chama comunmente. Logo facémoslle un seguimento ao cliente para asegurarnos de que funciona ben. Cremos que é un servizo moi útil na área na que nos atopamos, con moita xente de idade avanzada que ten unha vida social moi activa e que necesita comunicarse con naturalidade. Cremos que para a xente é importante poder dispoñer del ao lado da casa sen necesidade de ter que desprazarse.

- Cre que en xeral coidamos ben a vista? Ou precisamos un pouco máis de concienciación?

-N.M.: Penso que non estamos concienciados, xa que hoxe por hoxe utilízase moito a visión en cerca e quizais convíña relaxar un pouquiño máis os ollos. Case todo na

nosa vida diaria se fai en cerca: o ordenador, o móbil, a tablet... castigamos a vista e están aumentando os casos de fatiga ocular e ollos secos. Por outra banda, a luz azul que proxectan as pantallas son malas para a mácula. Por iso eu sempre lle aconsello, ademais de descansar os ollos, utilizar unhas boas lentes. Na actualidade xa hai lentes que cortan esa luz azul prexudicial que emiten esas pantallas.

- Falamos de saúde pero nunha óptica tamén importa moito a estética, non si?

-N.M.: Por suposto. Ese é un aspecto ao que lle prestamos moita atención. Sempre temos na tenda as últimas tendencias, tanto en produto propio como en gafa de marca, e intentamos estar ao día seguindo revistas e blogs de

moda para non quedarnos obsoletos. Intentamos asesorar a cada persoa sobre a montura que lle pode quedar mellor e se busca algo concreto que nós non temos, procuramos buscalo.

- Que prima á hora de mercar unhas gafas? A estética, a comodidade, a calidade...?

-N.M.: Depende un pouco de cada caso pero é certo que antes mercábase unha gafa pensando que duraría cinco ou seis anos e cando se cambiaba era por motivos de visión, non estéticos. Iso cambiou e agora a gafa é un complemento de moda máis. A xente quere cambialas a miúdo, ata o punto de ter varias para poñer en función de como vaia vestida ou do que lle apeteza cada día. Para poder dar esa flexibilidade, baixaron os prezos e

“Seguimos blogs e revistas para non quedar obsoletos e ter na tenda as gafas de moda”

“Aconsello dar paseos mirando ao lonxe para descansar os ollos e previr a fatiga ocular”

comezáronse a facer ofertas moi interesantes.

- Vostedes están a ofrecer algunha agora mesmo?

-N.M.: Agora temos a oferta do noso produto da liña Mó, unha liña de gafas bastante ampla e con deseños moi actuais. Por 77 euros podes levar dúas gafas completas xa cos cristais incluídos. Están moi ben de prezo de cara a iso que falamos de que hoxe en día se busca ter na casa varios modelos. Nas marcas que traballamos sempre temos algunha promoción, así como nas lentes progresivas de última xeración de Varilux, das que regalamos a segunda parella.

Multiópticas Tabora

**Tlf: 981 50 51 99
Ronda da Coruña, 20**

ESTE Nadal **TOCA** en Melide

5.500 €

EN PREMIOS



**SORTEO
PRESENTADO POR:
DAVID NOYA**
Actor e humorista.

**AMENIZADO
POLO GRUPO:
DE PERDIDOS
AL TRÍO**



**SORTEO
NA CASA DA CULTURA
ÁS 21:00 H.**

7

**XANEIRO
2016**

MERCAR EN MELIDE:

todo un acerto!

Organiza:



**CONCELLO
DE MELIDE**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA.
Dirección xeral de comercio.



**Deputación
DA CORUÑA**